

ANEXO IV
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTES
PROBAS CONSELLEIRO DE SEGURIDADE

A.- DATOS SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE TAXAS DEREITO DE EXAME

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

SOLICITO:

A devolución dos dereitos de exame

B.- DATOS DA ENTIDADE BANCARIA

CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO CONTA
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	

(Data e sinatura do solicitante)

Dirección Xeral de Transportes

Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes

Dirección Xeral de Transportes. Praza de Europa, 5A 2ª planta. Polg. das Fontiñas - Santiago de Compostela

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 2 de abril de 2008 pola que se convocan axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2008.

O artigo 5.5º da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, modificado pola disposición derradeira primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas favorecerán o exercicio do dereito de asociación dos pais, así como a formación de federacións e confederacións para contribuíren á mellor consecución dos obxectivos educativos.

O Estatuto de autonomía de Galicia declara, no seu artigo 31, a competencia plena da Comunidade Autónoma galega para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Coa finalidade de apoiar e potenciar a realización de actividades por parte das federacións e confederacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial mediante a subvención dos gastos ocasionados polas

citadas actividades, así como os derivados da xestión administrativa, adquisición de material non inventariable e mantemento ordinario das instalacións, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Faise pública a convocatoria de axudas destinadas a subvencionar a realización de actividades por parte das federacións e confederacións de pais de alumnos legalmente constituídas e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial, desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o prazo límite de xustificación de gastos.

Segundo.-O procedemento da concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, podendo solicitar estas axudas as federacións e confederacións de pais de alumnos así como as asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial que, con anterioridade á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, estean inscritas no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Terceiro.-O importe que se distribuirá nesta convocatoria de axudas será de oitenta e seis mil sesenta e un euros con corenta e dous céntimos (86.061,42 euros), dos que trinta e sete mil setecentos corenta euros (37.740 euros) proceden de fondos propios da comunidade autónoma e corenta e oito mil trescentos vinte e un euros con corenta e dous céntimos (48.321,42 euros) do Ministerio de Educa-

ción y Ciencia para esta mesma finalidade. Non obstante, o importe destas axudas poderá incrementarse se, antes da publicación da resolución de concesión no *Diario Oficial de Galicia*, se recibise outra transferencia do Ministerio de Educación y Ciencia para esta mesma finalidade, e así se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

O pagamento das axudas efectuarase con cargo á partida 09.02.423A.4810 dos orzamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2008.

Cuarto.-As axudas van destinadas tanto para a realización de actividades como para sufragar gastos derivados da xestión, administración, adquisición de material non inventariable e mantemento ordinario das instalacións que se orixinen no período subvencionado.

Quinto.-As solicitudes, segundo o modelo de instancia que figura como anexo a esta orde, deberán conter os datos actualizados do solicitante e deberán vir acompañadas da seguinte documentación:

a) Orzamento desagregado de cada unha das actividades, dos gastos derivados da xestión, administración, adquisición de material non inventariable e mantemento das instalacións que se orixinen no período subvencionado.

b) Plan de actividades para as que se solicita a axuda, facendo constar unha breve memoria por cada unha das actividades.

c) Copia certificada do acordo do órgano competente polo que se decide solicitar a axuda.

d) Para as federacións, relación das asociacións de pais de alumnos que as integran. Para as confederacións, relación das asociacións de pais de alumnos e das federacións que as integran.

e) Declaración xurada de ter solicitado, ou non, outras axudas para a mesma finalidade doutras administracións ou entes públicos.

f) Orixinal ou copia compulsada de certificación bancaria, a nome da entidade solicitante, en que conste o número de conta en que desexe que se lle ingrese, se é o caso, o importe da axuda.

g) Copia simple do CIF.

Sexto.-As instancias e demais documentación presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

Se a solicitude fose remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación.

Sétimo.-O prazo de presentación de instancias será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. «Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse

día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes».

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúnen os requisitos exixidos e se vai acompañado da preceptiva documentación, requírendose en caso contrario o solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que se así non o fixer, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo sen máis trámite, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oitavo.-Baixo a presidencia da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en que delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

-O subdirector xeral de Centros.

-Un representante da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

-O xefe do Servizo de Xestión de Programas Educativos.

-A xefa de Sección de Programas Educativos.

-Un funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

Noveno.-A distribución das axudas farase do seguinte xeito:

a) As confederacións recibirán unha contía fixa que será igual para todas, coa finalidade de garantir unha axuda mínima para cada unha das solicitudes.

b) As federacións recibirán unha contía fixa que será igual para todas, coa finalidade de garantir unha axuda mínima para cada unha das solicitudes.

c) As confederacións recibirán, ademais, un importe variable que estará en función do número de federacións e asociacións de pais de alumnos que as integran.

d) As federacións recibirán, ademais, un importe variable que estará en función do número de asociacións de pais de alumnos que as integran.

e) As asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial recibirán unha contía que será igual para todas as asociacións, coa finalidade de garantir unha axuda mínima para cada unha das solicitudes.

Os importes resultantes poderán verse incrementados ata un máximo dun 25% en función dos seguintes aspectos:

a) Ata un máximo dun 10% pola realización de actividades ou programas de formación aos pais, debidamente acreditados.

b) Ata un máximo dun 15% pola atención á poboación escolar de condicións socioeconómicas desfavorecidas.

Décimo.-A comisión de selección elaborará a proposta de adjudicación das subvencións e elevaraa á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, para a resolución que proceda.

A resolución de concesión das axudas, ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no pra-

zo máximo de seis meses contados desde a publicación desta convocatoria.

No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes para os efectos de interpoñer o recurso administrativo ou contencioso-administrativo que proceda.

A resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), ou ben os interesados poderán presentar directamente o recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 23/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE do 14 de xullo).

Décimo primeiro.-O pagamento das axudas concedidas farase de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 25 de xuño).

Para poder dar curso aos libramentos, os beneficiarios presentarán, antes do 31 de outubro de 2008, a xustificación dos gastos realizados, mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas e/ou nóminas e acreditación documental de que se efectuou o seu aboamento.

Ademais, os beneficiarios deberán presentar unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para a mesma finalidade, procedente das distintas administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

A xustificación indicada nos dous parágrafos anteriores, será enviada no prazo indicado á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Subdirección Xeral de Centros, Servizo de Xestión de Programas Educativos, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

Décimo segundo.-A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompaña será comunicada polo solicitante á citada dirección xeral.

Décimo terceiro.-O beneficiario obrígase a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Décimo cuarto.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso,

a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Décimo quinto.-Nas convocatorias públicas, publicidade e propaganda das actividades realizadas ao abeiro desta orde que realicen as confederacións, federacións e asociacións, deberá figurar que están subvencionadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co seu respectivo anagrama ou logotipo.

Décimo sexto.-Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 25 de xuño).

Décimo sétimo.-Esta orde adáptase ao texto articulado da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo oitavo.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Xunta de Galicia publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e regulados no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a sinatura da solicitude supón o consentimento expreso para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no referido decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas.

Décimo noveno.- Contra esta orde os interesados poderán interpor recurso contencioso administrativo, perante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional

No non previsto nesta orde haberá que averse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 25 de xuño).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar todos os actos e medidas necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DAS CONFEDERACIÓNS E FEDERACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS E DAS ASOCIACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS DE CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL PARA O ANO 2008	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED507A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		NÚMERO DE REGISTRO	CIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CENTRO DO QUE DEPENDEN (SÓ PARA CUBRIR POLAS APAS)		CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS DO REPRESENTANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

SOLICITA:

1.- Acollerse á convocatoria de axudas a confederacións e federacións de pais de alumnos e a asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2008 ao reunir os requisitos exixidos.

2.- Unha axuda polo importe de €

DECLARACIÓN RESPONSABLE

De acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño), declaro que esta entidade reúne os requisitos para obter a condición de beneficiaria da subvención solicitada.

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA

(Sinala cun "X" o que proceda)

<input type="checkbox"/>	ORZAMENTO DESAGREGADO DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES DOS GASTOS DERIVADOS DA XESTIÓN, ADMINISTRACIÓN, ADQUISICIÓN DE MATERIAL NON INVENTARIABLE E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS QUE SE ORIXINEN NO PERÍODO SUBVENCIONADO.
<input type="checkbox"/>	PLAN DE ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A AXUDA, FACENDO CONSTAR UNHA BREVE MEMORIA POR CADA UNHA DAS ACTIVIDADES.
<input type="checkbox"/>	COPIA CERTIFICADA DO ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE POLO QUE SE DECIDE SOLICITAR A AXUDA.
<input type="checkbox"/>	RELACIÓN DE FEDERACIÓNS E DE ASOCIACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS QUE INTEGRAN A CONFEDERACIÓN (SÓ PARA AS CONFEDERACIÓNS).
<input type="checkbox"/>	RELACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS QUE INTEGRAN A FEDERACIÓN (SÓ PARA AS FEDERACIÓNS).
<input type="checkbox"/>	DECLARACIÓN XURADA DE TER SOLICITADO, OU NON, OUTRAS AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS.
<input type="checkbox"/>	ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA DE CERTIFICACIÓN BANCARIA, A NOME DA ENTIDADE SOLICITANTE, EN QUE CONSTE O NÚMERO DE CONTA EN QUE DESEXE QUE SE LLE INGRESE, SE É O CASO, O IMPORTE DA AXUDA.
<input type="checkbox"/>	COPIA DO CIF.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia destas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 2 de abril de 2008 pola que se convocan axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial para o ano 2008. - Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA		